

*Diario Cultural*, Radio Galega

Como cada semana, Armando Requeixo tráenos dúas propostas narrativas para o noso lecer lector: a novela *O paxaro de nácara*, de Pura Salceda, e mais o libro de relatos *O latexar do barrio*, de Tito Pérez.

*O paxaro de nácara* (Galaxia) de Pura Salceda é unha narración múltiple, que participa por igual da novela de investigación e descuberta e mais da novela amorosa. Incorpora tamén evidentes tinturas de novela social, na reflexión da realidade emigrante, e mesmo de novela epocal, na descrición da evolución do pasado recente do rural galego ata o seu complexo presente. Doutra banda, participa tamén da novela de saga familiar, que nuclea a súa protagonista, Nélide, unha emigrante que regresa á aldea galega dende Barcelona para asistir ao enterro de súa avoa e reencontra un amor de mocidade co que pescudará as escuras pegadas dun pasado familiar insospeitado.

*O latexar do barrio* (Do Peirao) de Tito Pérez reúne ducia e media de relatos de moi variada temática e argumento, historias nas que predomina o retrato da sociedade actual e onde, en non poucas ocasións, resulta determinante a reflexión sobre a violencia nas súas máis diversas vertentes: a violencia estrutural e social (opresión dos ricos e/ou poderosos sobre os menos favorecidos), a violencia de xénero, a violencia familiar, a violencia como rito dunha mocidade que mimetiza a agresividade que a rodea, a violencia idiomática, a violencia laboral, a violencia bélica ou a violencia escolar, entre outras.

Pode escoitarse aquí: <http://www.diariocultural.gal/colaboracion/105100-o-paxaro-de-nacara-de-pura-salceda-e-o-latexar-do-barrio-de-tito-perez/>